



**RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS NO MARCO DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA DESTINADA A PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL ATENDIDAS POLOS EQUIPOS COMARCAIS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, FINANCIADO CON FONDOS REACT-UE NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020 COMO PARTE DA RESPONDA DA UNIÓN Á PANDEMIA COVID-19. LOTES ( 1, 2, 3, 4 e 5)**

**Expediente: CIB-2023-0013-LOTE 1-Servizos**

Por resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.05.2023, e publicada na Plataforma de contratos de Galicia e no perfil de contratante do Consorcio o 09.05.2023, convocouse a contratación dun servizo de impartición de accións formativas no marco da estratexia de Inclusión Social de Galicia destinada a persoas en situación ou risco de exclusión social atendidas polo equipos comarcais de Inclusión Sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, financiado con fondos REACT-UE no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020. Lotes (1, 2, 3, 4 e 5)

Os licitadores que presentaron ofertas foron os seguintes:

1. SARARTE, S.L.
2. RECURSOS GALICIA, S.L.
3. G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.
4. ESTUDIOS RAFER, S.L.
5. FOROX INNOVACIÓN, S.L.
6. ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.
7. BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.

Segundo o disposto no artigo 151.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, motívase esta resolución de adxudicación como segue a continuación:

- **Valoración de ofertas:** examinadas as ofertas das empresas licitadoras, de acordo cos criterios de valoración recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares, as ofertas presentadas obtiveron as seguintes puntuacións:





EMPRESA		TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE C	TOTAL PUNTUACIÓN B+C	N. ORDE
Oferta Nº:	NOME:				
5	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	30,00	47,35	77,35	1º
1	SARARTE S.L.	10,00	60,00	70,00	2º
6	ALVALOP SERVICIOS XXI S.L.	20,00	48,40	68,40	3º
3	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	19,00	49,25	68,25	4º
4	ESTUDIOS RAFER SL	18,00	46,80	64,80	5º
2	RECURSOS GALICIA S.L.	18,00	44,49	62,49	6º
7	Beproject Consultoría de Formación y Empleo S.L.	13,00	42,20	55,20	7º

- **Ofertas con valores anormais ou desproporcionados:** A entidade SARARTE, S.L. presenta xustificación dos valores anormalmente baixos ou desproporcionados, sendo a mesma aceptada á vista das alegacións presentadas.
- **Candidatos descartados:**

ENTIDADE	RAZÓN PARA O REXEITAMENTO DAS OFERTAS PRESENTADAS
SARARTE, S.L.	<p>A nivel técnico efectúa cambios substanciais nos contidos dos módulos programados nos pregos técnicos; o calendario non se axusta ás horas e non establece fases que permitan analizar a execución do proxecto. A metodoloxía non está adaptada ás persoas en riscos e establece condicións como pode ser a fenda dixital, que suporía un problema para o seguimento da formación.</p> <p>No aspecto económico, esta empresa fixo a mellor oferta.</p> <p>A <b>puntuación global</b> sitúa a SARARTE, S.L. en segundo lugar.</p>
RECURSOS GALICIA, S.L.	<p>A tipificación das fases non permite unha análise da xestión do proxecto e extrae elementos xa contemplados nos pregos técnicos. Aínda que parte de principios prácticos na execución da formación, carece de fundamentos que permitan a observación dunha execución xeral que afecte directamente á programación de actividades.</p>





	<p>No aspecto económico, acadou a sexta posición.</p> <p>A <b>puntuación global</b> sitúa a RECURSOS GALICIA, S.L. en sexto lugar.</p>
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	<p>Aínda que a exposición da oferta é tecnicamente boa considerando os criterios en base ao contemplado nos pregos técnicos, mostra confusión nas fases a desenvolver e especialmente no calendario a través do cal non se pode facer unha valoración realista da execución; está concentrada nas mesmas datas, o que vai ocasionar problemas de organización e xestión. A metodoloxía é confusa e adaptada a grupos de formación que non teñen vinculación directa coas persoas en situacións de vulnerabilidade.</p> <p>No aspecto económico, acadou a segunda posición.</p> <p>A <b>puntuación global</b> sitúa a G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. en cuarto lugar.</p>
ESTUDIOS RAFER, S.L.	<p>Presenta unha oferta tecnicamente boa, aínda que se atopan aspectos de programación no que a temporalización se refire que poden ser un potencial problema para a consecución do proxecto no que a tempo de execución se refire. Localízanse elementos non recollidos nos pregos técnicos actuais deseñados para este ano e outros que non requiren a intermediación de terceiros. Algúns dos elementos que presentan como innovación non son realistas cara a execución deste proxecto. Carecen de adaptabilidade.</p> <p>No aspecto económico, a súa oferta ocupa a quinta posición.</p> <p>A <b>puntuación global</b> sitúa a ESTUDIOS RAFER, S.L. en quinto lugar.</p>
ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	<p>A súa oferta técnica non presenta elementos que favorezan a análise da xestión na execución do proxecto xa que carece das fases a seguir e dun calendario que permita observar como se vai executar a formación. Presenta aspectos non recollidos nos pregos técnicos que non se poden valorar como oportunidades e si poden revestir unha ameaza na xestión do proxecto.</p> <p>No aspecto económico, acada a terceira posición.</p> <p>A <b>puntuación global</b> sitúa a ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. en terceiro lugar.</p>
BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	<p>A programación das accións formativas non é precisa. A oferta carece de concreción, establece medidas xenéricas en case todos os apartados, o que impide apreciálas como unha ferramenta de xestión. Describe aspectos que á hora de executar poden resultar unha dificultade.</p> <p>No aspecto económico, ocupa o último lugar.</p> <p>A <b>puntuación global</b> sitúa a BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. na última posición.</p>





- **Oferta economicamente máis vantaxosa:** a oferta presentada pola empresa FOROX INNOVACIÓN, S.L resultou ser a máis vantaxosa na licitación, acadando unha puntuación final de **77,35 puntos** sobre 100, do baremo recollido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente licitación.

Posteriormente, a entidade FOROX INNOVACION, S.L., foi requirida para que, de conformidade co disposto no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, achegase a documentación esixida na cláusula 7.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, sendo esta presentada no debido tempo e forma.

En base ao anteriormente exposto e, conforme ao disposto nos artigos 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e ao abeiro da delegación competencial efectuada polo Comité Directivo do Consorcio na súa sesión de 6 de marzo de 2015, publicada no DOG núm. 52, do 17 de marzo de 2015,

#### RESOLVO:

1. Adxudicar o contrato consistente nun servizo de impartición de accións formativas no marco da estratexia de Inclusión Social de Galicia destinada a persoas en situación ou risco de exclusión social atendidas polo equipos comarcais de Inclusión Sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, financiado con fondos REACT-UE no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020 para o **lote 1 (SERVIZOS)** á entidade **FOROX INNOVACIÓN, S.L.** por un importe máximo de **30.288,00€** IVE exento.
2. Notificar a presente adxudicación aos licitadores e publicala simultaneamente no perfil de contratante do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
3. A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a 5 días a contar dende o seguinte a aquel no que houberse recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles, sen que se houberse interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato.

Contra esta resolución poderá interpoñer potestativamente, ante este órgano de contratación, recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 44 e seguintes da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á remisión desta notificación e/ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados Contencioso-administrativos no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, conforme ao artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación presentarase





preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, <https://tacgal.xunta.gal>, e concretamente na ligazón para a presentación do recurso especial por medios electrónicos: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>; ao mesmo xuntarase a documentación que establece o artigo 51 da LCSP.

En todo caso, ao abeiro da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a presentación electrónica será obrigatoria para: as Administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, as persoas representantes dunha das anteriores.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar  
(P.D. do comité directivo de 6/3/2015  
DOG do 17/3/2015)

Perfecto Rodríguez Muíños

